

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E OPC GALICIA PARA O APOIO E IMPULSO DE EVENTOS MICE EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa OPC Galicia (Asociación de Organizadores Profesionais de Congresos de Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e OPC Galicia para o desenvolvemento e impulso do sector MICE en Galicia na organización de congresos e eventos. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- OPC Galicia, a Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos, é unha organización sen ánimo de lucro que, dende o seu nacemento no 1994 e de acordo cos seus estatutos, vela pola mellora da calidade, pola promoción continua do destino e



máis pola posta en valor dos profesionais e servizos galegos en relación á organización profesional de congresos e eventos en Galicia.

Na procura dese obxectivo organiza actividades que afondan na mellora da cualificación do sector e máis na divulgación de Galicia como destino para a organización de congresos.

Terceiro.- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID 19 provocou unha paralización case total do sector turístico, penalizando de forma moi gravosa o sector MICE (*Meetings, Incentives, Conferences & Exhibitions*, do seu acrónimo en inglés). Os subsectores MICE (OPCs, DMCs, Palacios de Congresos, servizos audiovisuais, rotulación, guías turísticos, tradutores, etc) rexistraron unha redución media de facturación do 60% e víronse obrigados a adoptar medidas extremas de resistencia empresarial.

Cuarto.- Para que Galicia siga medrando en cifras do Turismo de Reunións e siga consolidando o seu nivel no ranking nacional, é fundamental que as súas empresas poidan resistir, seguir crecendo e facerse máis fortes.

No citado contexto o obxectivo do convenio é o impulso ao sector MICE e contribuír a asegurar o futuro das súas empresas, como un sector turístico xerador de riqueza e prestixio para Galicia.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo, xa que é a única entidade do ámbito da

Que a través deste convenio, outórgase a OPC Galicia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

